Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Corredoira Vella de Samarugo

Na Corredoira Vella, no Vilar da Igrexa, en Samarugo, Vilalba (Lugo) dicían que había un encanto. Ese encanto ía á auga á Ponte Golmar e tocaba a gaita de noite. Ía sempre polo mesmo camiño, polo Vilar da Igrexa, e nese camiño coñecíase por onde pasaba pois víase a terra moito máis branca. Dicían que por onde branqueaba a terra era por onde ía o encanto á auga á Ponte Golmar.
Agora xa non hai sinal de todas esas cousas.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Información de Angel CARBALLEIRA, Cornas, Samarugo, Vilalba (Lugo). xuño de 1995.

Bibliografía:

CUBA, X. R., REIGOSA, A., "*Xeografía mítica da provincia de lugo (I): Cen lugares con lenda*", en Croa, nº8, 1998, pp. 42-63.